

Convenio colectivo de traballo para a empresa Real Aero Club de Vigo (Ano 2005)¹

Condicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio regulará a partir da data da súa entrada en vigor, as relacións laborais entre a empresa Real Aero Club de Vigo e os seus produtores.

Artigo 2º.-Vixencia.

Sen prexuízo da entrada en vigor por aprobación da autoridade laboral e publicación no BOP, os seus efectos económicos comezarán a rexer a partir do 1º de xaneiro de 2005.

Artigo 3º.-Duración e prórrogas.

A duración deste convenio será dun ano, contando a partir da data da súa entrada en vigor, ata o 31 de decembro de 2005. Este convenio entenderase denunciado para todos os efectos do 1 de xaneiro de 2005, data en que as partes se comprometen a iniciar as negociacións dun novo convenio. Se no transcurso deste ano 2005 se asinase un convenio de ámbito provincial no sector de espectáculos e deportes, a partir desa data sería necesario unha nova negociación.

Condicións laborais

Artigo 4º.-Vacacións.

O persoal comprendido no presente convenio desfrutará dun período anual de vacacións de trinta días naturais.

Artigo 5º.-Días non recuperables.

Os días non recuperables considéranse como horas extras, independentemente de que coincidan en descanso semanal, debendo ser aboadas nos meses que corresponda ao 175%. Terán esta mesma consideración os días 24 e 31 de decembro.

Artigo 6º.-Horario laboral.

O horario de traballo nas distintas seccións do club, estenderase, con carácter xeral, desde as 7.00 da mañá, ata as 12.00 da noite de luns a venres e 1.30 horas da madrugada os sábados. Dentro destas horas desenvolverase a xornada legal de 40 horas semanais por traballador. Para tal efecto, e con referencia a cada unha das actividades que o club desenvolve, establécese o cadro horario específico para cada unha daquelas, que se xunta ao presente convenio.

Artigo 7º

Os traballadores que presten os seus servizos en domingo terán dereito a desfrutar un domingo de cada tres.

Artigo 8º.-Uniformes.

A empresa dotará o persoal con uniforme completo, incluído calzado adecuado, cada ano. Aos traballadores que realicen o seu traballo no campo, a empresa proveraos con roupa de abrigo e de auga.

Artigo 9º.-Vestiarío e aseo.

A empresa porá ao servizo do persoal vestiarios e aseos, dotados de armarios, duchas e demais accesorios propios destes servizos, nas instalacións do Peinador, así como no local da rúa Reconquista.

Artigo 10º.-Excedencias.

O persoal afectado polo presente convenio, que leve 2 anos ao servizo efectivo na empresa, terá dereito a solicitar excedencia voluntaria por un prazo non inferior a un mes, nin superior a 5

¹ Publicado no DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2006.

anos, estando obrigada a empresa ao reingreso do excedente que o solicite, polo menos cun mes de antelación da terminación do tempo de excedencia, e non poderá volver á situación de excedencia voluntaria ata transcorridos dous anos da terminación de excedencia. Ben entendido que a obrigatoriedade a cargo da empresa de reincorporar ao excedente é inescusable, contratándose para estes supostos a unha persoa que substitúa ao excedente cun contrato da mesma duración da excedencia.

Artigo 11º.-Licenzas.

O persoal terá dereito a que se lle conceda permiso, con percepción dos salarios correspondentes, nos seguintes casos e polo tempo que se expresa:

- 1) Catro días por falecemento do cónxuxe, pais, fillos e pais do cónxuxe.
- 2) Dous días por falecemento de irmáns, irmáns políticos, netos e avós.
- 3) Un día por voda de fillos ou irmáns.
- 4) Catro días por parto de esposa.
- 5) Vinte días por voda do interesado.
- 6) Dous días por enfermidade grave, internamento en centro hospitalario ou falecemento de parentes ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade. En desprazamentos fóra da provincia, dous días máis.

Artigo 12º.-Revisión médica.

A empresa efectuará aos seus traballadores unha revisión médica cada ano, sempre e cando esta veña solicitada a través do delegado de persoal.

Artigo 13º.-Comedores.

A empresa porá á disposición do persoal que teña que comer no centro de traballo un local adecuado.

Condicións económicas

Artigo 14º.-Retribucións.

Na táboa salarial anexa sinálanse as retribucións correspondentes a cada categoría do persoal. Estas retribucións serán consideradas como base de cálculo para todos os efectos.

Artigo 15º.-Antigüidade.

Os aumentos periódicos por ano de servizo consistirán en trienios do 10% para o primeiro e o 6%

para o segundo, ata un máximo do 60%. O tanto por cento calcúlase sobre o salario base, sempre dentro dos límites que marca a lei.

Artigo 16º.-Pagas extraordinarias.

O persoal afectado polo presente convenio recibirá anualmente tres pagas extraordinarias, polo importe dunha mensualidade, que serán efectivas nos días 31 de marzo, 17 de xullo e 15 de decembro.

Artigo 17º.-Incapacidade temporal.

Nos casos de enfermidade ou accidente que produza internamento en centro asistencial, a empresa aboará aos traballadores afectados unha cantidade que engadida ás prestacións que aboa a Seguridade Social, complete o 100% do seu salario real, por incapacidade temporal. Tamén se lle aboará o 100% nos casos de accidente laboral producido dentro do centro de traballo, a partir do 5º día da baixa.

Artigo 18º.-Nocturnidade.

Establécese un complemento de nocturnidade polos traballos realizados despois das 22 horas, con exclusión dos correspondentes aos serenos, nunha cantidade de 51,10/60,33 € mensuais,

facéndose constar en nómina dos traballadores afectados por aquela circunstancia. Este complemento incrementarase cada ano co tanto por cento acordado na táboa salarial.

Artigo 19º.-Manutención.

A empresa aboará por este concepto 208 € mensuais ou pagarallo directamente ao restaurante en concepto de comida do persoal. Esta cantidade incrementarase anualmente na mesma porcentaxe en que se incrementa a táboa salarial.

Artigo 20º.-Bolsas.

A empresa establece para axuda dos estudos dos fillos dos produtores 2 bolsas anuais por un importe de 234,33 € cada unha. Para tal efecto durante o mes de agosto de cada ano, os produtores interesados presentarán documentación de méritos escolares do beneficiario para o que se solicita indefectiblemente as notas obtidas no curso anterior. Para poder beneficiarse delas, as notas terán que alcanzar un nivel mínimo de aprobado.

Artigo 21º.-Premio de xubilación.

Chegada a idade de xubilación e no momento en que o traballador cese na empresa, percibirá un premio equivalente ao importe de dúas mensualidades que o seu último salario en activo, no caso de que levase ao servizo efectivo dela máis de 5 anos e menos de 10. Este premio elevarase á cifra de tres mensualidades no suposto de que os anos ao servizo efectivo dela fosen de 10.

Se o traballador falecese antes da súa xubilación, cumprindo calquera dos dous prazos de servizo efectivo na empresa que sinala o parágrafo anterior, a indemnización será percibida polo seu cónxuxe, ou no seu defecto polos fillos, ou os ascendentes maiores

de 70 anos. Nestes casos os importes de indemnización serán de tres mensualidades, se o servizo efectivo do traballador na empresa estivese comprendido entre os 5 e 10 anos; de 6 mensualidades entre os 10 e 15 anos; de 9 mensualidades entre os 15 e 20 anos e 12 mensualidades de 20 en adiante.

Para efectos aclaratorios terá a consideración de mensalidade o último salario, a suma dos conceptos de salario base máis antigüidade.

Artigo 22º.-Complemento de transporte.

Establécese un complemento de transporte para o persoal de campo en unha contía de 39,98 € que se aboarán mensualmente nos doce meses do ano. Este concepto incrementarase anualmente na mesma porcentaxe en que se incremente a táboa salarial.

Artigo 23º.-Bolsa de Nadal.

Os traballadores percibirán da empresa a bolsa de Nadal en decembro.

Disposicións derradeiras

Artigo 24º.-Lexislación subsidiaria.

En todo o non previsto no presente convenio, seguirase o que dispón a Regulamentación de traballo para os locais de espectáculo e deportes, e ademais de xeral aplicación.

Artigo 25º

Con idéntico termo de vixencia do convenio, queda constituída unha comisión paritaria co cometido específico de coñecer e pronunciarse sobre cantas cuestións de interpretación sobre o estipulado nel lle sexan formalmente sometidas. A comisión estará composta por dous membros, dos cales cada unha das partes designará un. Estes membros designados por cada parte deberán ter pertencido á comisión negociadora do convenio.

Os pronunciamentos da comisión non privarán do dereito ao uso das vías administrativas ou xurisdiccionais.

Artigo 26º

O presente convenio está asinado polo delegado de persoal e polo secretario.

Polo delegado de Persoal Pola empresa

Táboa salarial 2005

Incremento 4%*

* A diferenza co IPC real do 2005, ratearase en 2006

Oficial de 3.A: 695,72 €-Persoal administrativo:

Xerente: 891,90 €

Oficial 1ª administrativo: 764,71 €

Aux. administrativo: 669,18 €

-Persoal campo:

Xardineiro xefe: 712,56 €

Xardineiro: 669,18 €

Peón: 669,18 €

-Persoal subalterno:

Conserxe: 695,71 €

Sereno: 669,18 €

Persoal limpeza: 669,18 €

Master Caddy: 669,18 €

-Persoal bar:

Cociñeiro: 669,18 €

Camareiro: 669,18 €

Complemento transporte: 39,98 €

Cadro horario

-Sección camareiros reconquista:

Días laborables: de 16.00 a 23.00 horas.

Sábados: de 16.00 a 24.00 horas.

Os descansos son alternos.

-Sección limpeza:

Local reconquista: de 8.00 a 12.00 horas e de 17.00 a 20.00 horas.

Peinador: de luns a venres de 8.00 a 14.00 horas.

Sábado de 8.00 a 14.00 horas e de 22.00 a 1.00 horas (mañá).

-Sección xardinaría:

Inverno: meses de setembro a maio.

De 8.30 a 12.30 horas e de 14.00 a 18.00 horas da tarde.

Con descanso de 20 minutos para o bocadillo.

Verán: meses de xuño a agosto.

De 7.00 a 15.00 horas.

Con descanso de 20 minutos para o bocadillo.

-Sección oficina:

Inverno: meses de outubro a marzo.

De 9.00 a 15.00 horas para cubrir Master Caddy e oficina.

De 9.00 a 13.30-14.30 a 18.30 horas para oficina.

Verán: meses de abril a setembro.

De 9.00 a 15.00 horas para cubrir Master Caddy e oficina.

De 9.00 a 13.30-14.30 a 19.30 horas para oficina.

O horario de cubrir Master Caddy realizarase en semanas alternas, polo persoal de oficina.

-Sereno:

De 22.00 da noite a 7.00 horas da mañá.

-Master Caddy:

De 8.00 da mañá a 22.00 horas da tarde.

-Persoal Bar Peinador:

Inverno: de 10.00 da mañá a 21.00 horas da tarde.

Verán: de 10.00 da mañá a 22.00 horas da tarde.